



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2019]

1. BOLSAS PARA ASISTIR AO XII CONGRESO NACIONAL DA AVOGACÍA 2019

A Xunta de Goberno, na sesión do 14.02.2019, tomou o acordo de conceder **15 bolsas, cun importe de 350 euros cada unha**, para sufragar os gastos de asistencia ao XII Congreso Nacional da Avogacía 2019, que terá lugar en Valladolid entre os días 8 e 11 de maio.

Os Colexiados e Colexiadas interesadas poderán presentar a súa solicitude por escrito na secretaría do Colexio. As bolsas asignaranse por rigorosa orde de recepción.

O pagamento da bolsa realizarase unha vez que se xustifique o aboamento dos gastos de inscrición.

Programa e inscrición en:

https://www.congresoabogacia.es/?_ga=2.37641632.1830689657.1550495531-391615534.1550495531

2. MANUAL SOBRE NORMATIVA DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

O Colexio, en colaboración coa editora xurídica Iberley, ofrecerá unha tirada de **50 exemplares do manual *Ley de Asistencia de Justicia Gratuita***, que inclúe un completo repertorio con comentarios sobre a normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia.

En virtude do acordo acadado, o Colexio ofrecerá este manual aos Colexiados e Colexiadas a un prezo especial de **5 euros** (PVP xeral de 29,95 €), que xa poderán retiralo na secretaría do Colexio ata esgotar as existencias.

3. CONFERENCIA DOS LUNS: “FISCALIDADE LOCAL INMOBILIARIA. SITUACIÓN ACTUAL DA PLUSVALÍA MUNICIPAL”

O Colexio de Avogados ofrecerá de forma **telemática** dende o salón de actos esta conferencia programada polo CXAE dentro do seu plan de formación “Conferencias dos luns”.

Día: luns, 25 de febreiro

Hora: 16:15 a 18.30 h

Lugar: salón de actos (retransmisión telemática dende a sede do CXAE)

Custo: gratuíto

Inscrición: libre ata completar a capacidade do salón



Programa:

16.15 h Presentación da sesión

16.30 h

“Fiscalidade local inmobiliaria. Situación actual da plusvalía municipal”

- A reclamación das plusvalías municipais de solos urbanos
- Problemática do imposto de bens inmobles en solos urbanos pendente de desenvolvemento e do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO)

Relator: **D. José Cepero, avogado**

17.30 h Coloquio

18.30 h Fin da sesión